

FUNDACIÓN

USC | M.P.

PLAN DE ACTUACIÓN EJERCICIO 2024

CIF: G-70123971

NÚMERO DE REGISTRO: 2007/18

EJERCICIO: 2024

FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA M.P.

DOMICILIO: Avenida das Ciencias 6, 1º andar, Campus Sur.

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

CÓDIGO POSTAL: 15782

PROVINCIA: A CORUÑA

CORREO ELECTRÓNICO: info@fundacionusc.gal

TELÉFONO: 881 97 53 99

PERSOA DE CONTACTO: Óscar Hermida Otero



ÍNDICE:

1. DATOS IDENTIFICATIVOS.....	3
2. PREMISAS E LIÑAS PRINCIPAIS DO PLAN ESTRATÉXICO.....	3
3. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.....	6
4. OBXECTIVOS OPERATIVOS.....	6
5. ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN PARA 2024	8
<i>ACTIVIDADE 001: EXECUCIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS DA USC.....</i>	<i>8</i>
<i>ACTIVIDADE 002: PROMOCIÓN, INCENTIVO E DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS NA USC.</i>	<i>10</i>
<i>ACTIVIDADE 003: SERVIZO DE REPROGRAFÍA, EDICIÓN E IMPRESIÓN DIXITAL</i>	<i>13</i>
<i>ACTIVIDADE 004: SERVIZOS INFORMÁTICOS EXTERNOS.....</i>	<i>15</i>
<i>ACTIVIDADE 005: SERVIZO DE PROXECCIÓN INSTITUCIONAL E IMAXE DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.....</i>	<i>17</i>
<i>ACTIVIDADE 006: PROGRAMAS DE CONCILIACIÓN FAMILIAR-LABORAL DE ACTIVIDADE FÍSICO-DEPORTIVA.....</i>	<i>20</i>
6. PREVISIÓN DE RR. ECONÓMICOS QUE EMPREGARÁ A ENTIDADE.....	22
7. PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE OBTERÁ A ENTIDADE.....	23
8. MEMORIA EXPLICATIVA DO CUMPRIMENTO DO OBXECTO FUNDACIONAL MEDIANTE A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS NO PLAN DE ACTUACIÓN.	24

**PLAN DE ACTUACIÓN DA
FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA M.P.**

Proposta para o Pleno do Padroado

Conforme o artigo 39 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego (*Plan de actuación*)¹:

1. *O Padroado elaborará e remitiralle ao protectorado, nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación, no que queden reflectidos os obxectivos, as actividades que se prevexan desenvolver durante o exercicio seguinte, unha previsión das partidas de ingresos e gastos calculados e máis unha memoria explicativa do mesmo plan de actuación.*

2. *Este plan de actuación deberáselle presentar ao protectorado acompañado da certificación de aprobación por parte do padroado da fundación, que se depositará no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.*

¹ Plan de Actuación elaborado seguindo o modelo aprobado no Plan General Contable (PGC) para entidades sen fins lucrativos que figura no Anexo II do RD 1491/2011, do 24 de outubro tal e como esixe o Protectorado de Fundacións da Xunta de Galicia.

1. DATOS IDENTIFICATIVOS

Nome: Fundación Universidade de Santiago de Compostela M.P.

CIF: G-70123971

Nº de rexistro: 2007/18

Enderezo postal: Avenida das Ciencias 6, 1º andar, Campus Sur 15782
Santiago de Compostela

Enderezo correo electrónico: info@fundacionusc.gal

Páxina web: www.fundacionusc.gal

2. PREMISAS E LIÑAS PRINCIPAIS DO PLAN ESTRATÉXICO.

A Fundación Universidade de Santiago de Compostela (anteriormente denominada Fundación USC-Deportiva) constitúese o 9 de novembro de 2007 como unha organización de natureza fundacional acorde coa Lei de Fundacións de Interese Galego, sen ánimo de lucro e cuxo patrimonio está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

Atópase inscrita no rexistro de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia con número 2007/18. Mediante Orde de 7 de decembro de 2007 cualifícase como de interese deportivo.

A Fundación constituída, unha vez inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar, por conseguinte, todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

A Fundación ten carácter permanente e a súa duración será indefinida.

A Fundación rexerase pola vontade dos seus fundadores, manifestada nos seus Estatutos, polos acordos que, en interpretación e desenvolvemento daquela vontade, estableza o Padroado, así como en todo caso pola lexislación aplicable.

De acordo co artigo 3 dos Estatutos da Entidade, a Fundación ten a consideración de medio propio personificado da Universidade de Santiago de Compostela, debendo asumir os encargos que esta lle ordene, sen que en ningún caso estes podan implicar a atribución de potestades públicas ou o exercicio de funcións ou facultades suxeitas ao dereito administrativo.

Os encargos, que serán de execución obrigatoria para a Fundación, formalizaranse mediante resolución reitoral, de conformidade coas regras previstas no artigo 32 da Lei 9/2017, ou norma básica que o substitúa, e levaranse a cabo de conformidade coas instrucións que se diten.

A **Fundación Universidade de Santiago de Compostela** ten por finalidade de interese xeral colaborar na promoción e desenvolvemento dos fins propios da Universidade de Santiago de Compostela, contribuíndo a exercer con eficacia e eficiencia as funcións que a institución ten asignadas así como a promoción, incentivo e desenvolvemento da actividade físico-deportiva preferentemente na Comunidade Autónoma Galega.

A finalidade de interese xeral da Fundación poderase exercer ben por propia iniciativa, ben por medio dos encargos que a Universidade lle realice.

En particular, a Fundación ten como fins propios os seguintes:

- a) Prestar os servizos de carácter complementario ou instrumental que sexan necesarios para que a Universidade realice as súas funcións básicas e que non supoñan o exercicio da función de autoridade.
- b) Colaborar coa Universidade de Santiago de Compostela no desenvolvemento e xestión daquelas actividades que contribúan a unha mellor asistencia á comunidade universitaria.
- c) Canalizar, a través dos instrumentos oportunos, a cooperación entre a Universidade, os axentes económicos e entidades e institucións de calquera natureza.
- d) Promover a realización de actividades que favorezan a integración da Universidade na súa contorna económica, social, cultural e deportiva.
- e) Fomentar, promover e xestionar actividades relacionadas coa extensión universitaria por si mesma ou en colaboración con outras institucións.
- f) Fomentar, promover, xestionar, organizar e prestar servizos relacionados coa actividade físico-deportiva, así como a realización de accións subordinadas, relacionadas ou accesorias a aquela, preferentemente na Comunidade Autónoma Galega.

Para a consecución dos fins mencionados, a Fundación poderá levar a cabo, con carácter enunciativo e non limitativo, as seguintes actividades:

- a) Xestionar, prestar, organizar e realizar actividades e servizos instrumentais da Universidade de Santiago de Compostela.
- b) Formalizar convenios ou acordos de colaboración ou intercambio con empresas, organismos e institucións, nacionais ou estranxeiras, así como participar nas citadas entidades cando así sexa preciso para a mellor consecución dos seus fins.
- c) Desenvolver modelos de colaboración e cooperación que contribúan á sustentabilidade económica da Fundación e da Universidade de Santiago de Compostela.
- d) Subscribir contratos con persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, para o cumprimento dos seus fins, incluídos os contratos de patrocinio que contribúan á sustentabilidade económica e ao máximo aproveitamento das actividades da Fundación e da Universidade.
- e) Realizar todo tipo de actividades de formación non regrada que resulten de interese vinculadas ás actividades que desenvolva.
- f) O exercicio das actividades económicas precisas para o cumprimento dos seus fins, así como todas aquelas accións subordinadas ou accesorias á actividade principal.
- g) Recadar fondos, incluso recorrendo a financiamento alleo, empregándoos no financiamento e promoción dos seus fins.
- h) Tramitación diante das administracións, institucións e outras entidades das correspondentes solicitudes de subvencións, axudas, así como a xestión de doazóns que aporten recursos para o cumprimento dos fins fundacionais.
- i) En xeral, cantas actuacións sexan necesarias para a consecución dos fins que constitúen o seu obxecto.

Os beneficiarios dos fins fundacionais, e de todas e cada unha das actividades da Fundación, serán, en xeral, todas as persoas naturais ou xurídicas que presten a súa actividade de modo habitual no Estado Español ou aquelas que, polo interese social, económico, académico ou investigador do seu traballo, poidan ser merecedoras das prestacións da Fundación.

No mes de xaneiro do ano 2020 a Fundación solicita e adquire a condición de medio propio personificado da Universidade de Santiago de Compostela e modificou os seus estatutos para darlle un carácter máis xeral tanto aos fins coma ás actividades fundacionais.

Despois da adquisición da condición de medio propio personificado a Fundación USC recibiu durante os exercicios 2020, 2021 e 2022 os primeiros encargos de xestión por parte da Universidade de Santiago de Compostela, os cales, modificaron substancialmente as liñas de traballo da entidade. Isto afecta directamente ás actividades que viña programando a entidade en cada exercicio.

Os encargos de xestión para o ano 2024 serán os seguintes: execución do servizo de limpeza de edificios e locais da Universidade de Santiago de Compostela, a dinamización da actividade deportiva da USC, o servizo de reprografía, edición e impresión dixital, servizos informáticos externos e unha área de proxección institucional e imaxe.

Por último, hai que destacar que en tódalas actuacións que leve a cabo a Fundación no desenvolvemento do Plan de Actuación intégrase o principio de igualdade de xeito transversal. Desta forma, potenciarase a inclusión da perspectiva de xénero impulsando a participación e a práctica deportiva en xeral.

3. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Os obxectivos estratéxicos da Fundación USC pretenden contribuír ao cumprimento dos obxectivos encadrados dentro do programa plurianual da Universidade de Santiago de Compostela.

En concreto, a Fundación pretende conseguir o seguinte obxectivo estratéxico:

- Colaborar na promoción e desenvolvemento dos fins propios da USC, contribuíndo a exercer con eficacia e eficiencia aquelas funcións que a institución ten asignadas.

4. OBXECTIVOS OPERATIVOS

- ✓ Incrementar a calidade nos servizos prestados nos diferentes programas e ámbitos de actuación.
- ✓ Estabilizar un plan de servizos a longo prazo para a prestación do servizo de limpeza de edificios e locais para acadar un nivel de eficiencia elevado coa redución dos custos.

- ✓ Estructurar o servizo de reprografía, edición e impresión dixital adecuando ás necesidades e requirimentos da comunidade universitaria.
- ✓ Fomentar a práctica de actividade física e mellora da condición física en toda a comunidade universitaria co obxectivo de reducir o risco de padecer enfermidades e mellorar a súa calidade de vida e o rendemento académico.
- ✓ Potenciar o programa de formación do persoal, tanto interno como externo, adscrito a cada actividade.
- ✓ Implantar un software de xestión que de soporte aos diferentes servizos que ten encomendados a entidade.
- ✓ Definir o catálogo de servizos prestados na área de proxección institucional cos seguintes obxectivos: posta en valor do patrimonio da USC xunto co reforzo da súa marca; desenvolver o potencial dos servizos en funcionamento; optimizar a captación de recursos económicos naquelas actividades que xeran ingresos de cara a acadar o seu autofinanciamento.

5. ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN PARA 2024

ACTIVIDADE 001: EXECUCIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS DA USC

A) Identificación

Denominación da actividade	Prestación do servizo de limpeza de edificios e locais da USC
Tipo de actividade	Propia
Identificación da actividade por sectores	Z01: OUTROS E POBOACIÓN EN XERAL
Lugar de desenvolvemento da actividade	<ul style="list-style-type: none"> - Santiago de Compostela - Lugo

Descrición detallada da actividade prevista

Dentro desta actividade estará comprendido o servizo de limpeza de todos os locais e espazos que conforman os inmobles incluídos no encargo de xestión formalizado con data 6 de agosto de 2021 (aulas, oficinas, despachos, salas de reunión, seminarios, arquivos, bibliotecas, almacéns, laboratorios, salóns de actos, aseos, vestiarios, beirarrúas perimetrais, zonas de acceso, escaleiras, salva escaleiras, ramplas, zonas cubertas exteriores, cubertas transitables, patios interiores baixos ou elevados, aparcamentos interiores, etc.).

As necesidades do servizo estableceranse identificando as diferentes tipoloxías e configuración da limpeza segundo a tipoloxía dos edificios e locais:

- Uso docente non científico. Facultades.
- Uso docente científico/tecnolóxico. Facultades de Ciencias e E.T.S.
- Centros asimilables a clínicos.
- Uso residencial.
- Bibliotecas centrais independentes.
- Edificios administrativos de representación.
- Edificios administrativos xerais.

- Instalacións deportivas.
- Outros.

A prestación deste servizo está recollida nun documento técnico de encargo que regula e define o alcance e as condicións da prestación.

B) Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número	N.º horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	195,54	307.761,07
Persoal con contrato de servizos	0	0
Persoal voluntario	0	0

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas	30.000
Persoas xurídicas	1
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	0

D) Obxectivos e indicadores da realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
Revisar o cumprimento do plan de servizos.	Porcentaxe de execución	100%
Manter a calidade no servizo prestado	Porcentaxe de valoración a través de enquisas de satisfacción	Igual ou maior a 2

ACTIVIDADE 002: PROMOCIÓN, INCENTIVO E DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS NA USC.

A) Identificación

Denominación da actividade	Programación, organización, dinamización e xestión das escolas deportivas e deporte federado da USC en colaboración con esta.
Tipo de actividade	Propia
Identificación da actividade por sectores	G01: DEPORTIVO E POBOACIÓN EN XERAL
Lugar de desenvolvemento da actividade	<ul style="list-style-type: none"> - Santiago de Compostela - Lugo

Descrición detallada da actividade prevista

A Fundación USC, na súa área de actividade físico-deportiva, colaborará cos diferentes programas que organiza e fomenta a Universidade de Santiago de Compostela. Este programa estenderase ao longo de dous cursos académicos durante o ano 2024 e nos dous campus universitarios.

A continuación descríbense as actividades físico-deportivas para o curso vixente, 2023/2024 e as que se estima que se programarán para o curso 2024/2025 que iniciará no mes de setembro:

Curso 2023/2024 (actualmente en vigor)

- a. Campus de Santiago de Compostela
 - Actividades acuáticas:** aquagym, natación para maiores, natación para nenos e nenas, natación para persoas adultas, natación terapéutica, natación pre/posparto, natación deportiva, natación deportiva máster e natación deportiva nivel experto.
 - Actividades aeróbicas e de acondicionamento físico:** step, GAP + tono, zumba, acondicionamento funcional intensivo, ximnasia de mantemento, aeróbic, circuit training, CORE e estiramientos e flexibilidade.

- **Aprendizaxe deportiva:** atletismo, autodefensa, tenis (nenos e nenas, adultos e minitenis), karate, taekwondo, kung fu, futsal feminino, voleibol, balonmán e xadrez.
 - **Benestar e lecer:** ioga, meditación (mindfulness), Pilates, tai chi + chi kung, ximnasia terapéutica e hipopresivos.
 - **Sendeirismo e actividades na natureza:** rutas de sendeirismo e montañismo de 10 a 25 km. e roteiros.
 - **Deporte federado e de competición:** atletismo, tenis, natación, fútbol, montañismo e xadrez.
 - **Outros:** acondicionamento físico en sala.
- b. Campus de Lugo
- **Aprendizaxe deportiva:** running, autodefensa e voleibol.
 - **Benestar e lecer:** Pilates, ioga e hipopresivos.
 - **Actividades aeróbicas e de acondicionamento físico:** GAP, mantemento + step + aeróbic, ximnasia de mantemento e zumba.

Curso 2024/2025 (en previsión de programación)

A descrición de actividades para o último trimestre do exercicio non se coñecerá ata o mes de xuño, aínda que a previsión é que sexa similar aos primeiros seis meses do exercicio 2024.

En total son máis 40 actividades diferentes (por curso académico) que os técnicos/as deportivos/as da Fundación USC imparten e dinamizan. Estas actividades están abertas á incorporación doutras ben sexa pola demanda da Área Deportiva da USC ou ben pola demanda das propias persoas usuarias.

Cabe destacar a intensa colaboración entre as institucións nos seguintes aspectos:

- Planificación, organización, dinamización e xestión das seccións deportivas do Club ou Sección deportiva da USC.
- Participación en torneos propios ou nos campionatos universitarios que se celebran ao longo de cada curso escolar.

As seccións deportivas son as seguintes: atletismo, tenis, montañismo e xadrez.

B) Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número		N.º horas / ano	
	Previsto		Previsto	
Persoal asalariado	13,91		23.531,00	
Persoal con contrato de servizos	1,09		1.856,50	
Persoal voluntario	0		0	

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas	2.500
Persoas xurídicas	1
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	3

D) Obxectivos e indicadores da realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
Manter o número de horas totais impartidas	Porcentaxe de diminucións	Máximo 5%
Incrementar o número de inscricións nos programas de actividade físico-deportiva	Número de persoas inscritas nas actividades (excepto sala de acondicionamento físico)	2.000

ACTIVIDADE 003: SERVICIO DE REPROGRAFÍA, EDICIÓN E IMPRESIÓN DIXITAL

A) Identificación

Denominación da actividade	Servizo de reprografía, edición e impresión dixital
Tipo de actividade	Propia
Identificación da actividade por sectores	Z99: OUTROS GRUPOS
Lugar de desenvolvemento da actividade	<ul style="list-style-type: none"> - Santiago de Compostela - Lugo

Descrición detallada da actividade prevista

O plan de servizo está enfocado á consecución da máxima eficiencia posible mantendo a calidade na prestación do servizo de reprografía á comunidade universitaria.

O alcance do plan de servizo descríbese a continuación:

1. Coordinar e supervisar un servizo de comunicación gráfica integral para dar resposta ás necesidades da comunidade universitaria (impresión láser, impresión en gran formato, dixitalización documental, deseño, etc.).
2. Impresión de documentación dende un aloxamento na nube.
3. Recepción de traballos enviados dende diferentes puntos para a súa recepción nalgunha das unidades de soportes dixitais do campus.
4. Un servizo comprometido co medio ambiente, respectando, en todo o que sexa aplicable, o disposto pola Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
5. Dotación de cada unha das unidades de soportes dixitais cos medios técnicos necesarios para un correcto servizo.
6. Servizo de mensaxería rápida para a entrega de documentación nos centros e facultades.
7. Solucións de impresión en autoservizo.

B) Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número	N.º horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	10,95	18.944
Persoal con contrato de servizos	0	0
Persoal voluntario	0	0

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas	30.000
Persoas xurídicas	66
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	0

D) Obxectivos e indicadores da realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
Implantar o plan de servizos adecuado ás necesidades reais.	Porcentaxe de execución	100%
Accións de difusión do servizo	N.º de accións dirixidas ao público	5

ACTIVIDADE 004: SERVIZOS INFORMÁTICOS EXTERNOS

Identificación

Denominación da actividade	Actividade instrumental de servizos informáticos externos da USC
Tipo de actividade	Propia
Identificación da actividade por sectores	Z99: OUTROS GRUPOS
Lugar de desenvolvemento da actividade	<ul style="list-style-type: none"> - Santiago de Compostela - Lugo

Descrición detallada da actividade prevista

O encargo de xestión de servizos informáticos externos recolle o seguinte plan de servizos a desenvolver:

A Fundación, dentro da súa liberdade organizativa, coordinará e supervisará que a prestación dos servizos que integran a actividade instrumental de servizos informáticos externos da USC se enfoque á consecución da máxima eficiencia e calidade posible, dando resposta ao contido do obxecto do encargo que será o seguinte.

- a) Mantemento, soporte, desenvolvemento, mellora e adaptación da aplicación da Xescampus.
- b) Soporte e desenvolvemento de novas utilidades e aplicacións para actividades instrumentais e xerais non comprendidas nas tarefas da área TIC da USC.
- c) Tarefas auxiliares de apoio á explotación de datos e xeración de ficheiros automatizados e outras de similar natureza.

E) Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número	N.º horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	7,20	12.473
Persoal con contrato de servizos	0	0
Persoal voluntario	0	0

F) Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas	30.000
Persoas xurídicas	1
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	0

G) Obxectivos e indicadores da realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
Responder ás incidencias ordinarias nun prazo máximo	Tempo estimado de resposta	<24 horas
Cumprir os prazos de entrega dos diferentes entregables por proxecto	Número de incumprimentos	< 10%

ACTIVIDADE 005: SERVIZO DE PROXECCIÓN INSTITUCIONAL E IMAXE DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Identificación

Denominación da actividade	Servizo de proxección institucional e imaxe
Tipo de actividade	Propia
Identificación da actividade por sectores	Z01: OUTROS E POBOACIÓN EN XERAL
Lugar de desenvolvemento da actividade	<ul style="list-style-type: none"> - Santiago de Compostela - Lugo

Descrición detallada da actividade prevista

O encargo de xestión de proxección institucional e imaxe recolle o seguinte plan de servizos a desenvolver:

1. Xestión da Casa de Europa, edificio destinado ao aloxamento e outros servizos complementarios (espazos de formación, xuntanzas e outros eventos) relacionados directamente coa actividade da USC.
2. Oficina de Congresos: secretaría técnica na organización de eventos e congresos; asesoramento; xestión de espazos da USC en colaboración coas unidades internas implicadas.
3. Xestión da Tenda da USC. Tenda centrada na comercialización de produtos promocionais da universidade.
4. Visitas guiadas. Desenvolvemento do programa de visitas guiadas “Universidade viva”, co obxecto de poñer en valor o patrimonio histórico da USC.
5. Xestión da “Domus do Mitreo”: atención ao público visitante: planificación e realización de visitas guiadas ao xacemento e exposición permanente do museo; monitorización e impartición das actividades didácticas; outras actividades de dinamización programadas.
- 6.

Establécense os seguintes obxectivos xerais para o exercicio 2024:

- Posta en valor do patrimonio da USC xunto co reforzo da súa marca, a través das seguintes accións:
 - o Redeseño e ampliación do programa de visitas ao patrimonio da USC.
 - o Identificación e reprodución de novas liñas de produtos centradas en elementos de interese patrimonial para a USC
 - o Atención especial á aplicación da imaxe corporativa da USC en todas as accións realizadas.
- Desenvolver o potencial dos servizos en funcionamento:
 - o Potenciar as actividades realizadas en Casa Europa.
 - o Planificación e posta en marcha do novo proxecto de Tenda da USC.
 - o Consolidar e ampliar a actividade do museo universitario Domus do Mitreo en Lugo.
 - o Sistematizar e difundir os servizos prestados pola Oficina de Congresos.
- Optimizar a captación de recursos económicos naquelas actividades que xeran ingresos de cara a acadar o seu autofinanciamento, entre outras:
 - o Incrementar os ingresos xerados pola Tenda USC
 - o Detectar e responder a novas necesidades xeradoras de ingresos no ámbito dos servizos prestados.

H) Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número	N.º horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	11,41	20.269
Persoal con contrato de servizos	0,14	239,53
Persoal voluntario	0	0

I) Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas	31.285
Persoas xurídicas	46
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	0

J) Obxectivos e indicadores da realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
Planificación e posta en marcha da nova Tenda da USC	Porcentaxe de execución	100%
Ampliación do programa de visitas da USC	Porcentaxe de execución	100%
Actualización de páxinas web dos servizos	Nº de páxinas web actualizadas	5
Accións de difusión	Nº de accións, dirixidas ao público obxectivo	10

ACTIVIDADE 006: PROGRAMAS DE CONCILIACIÓN FAMILIAR-LABORAL DE ACTIVIDADE FÍSICO-DEPORTIVA

A) Identificación

Denominación da actividade	PROGRAMA FÍSICO DEPORTIVO VERÁN CAMPUSC 2024
Tipo de actividade	Propia
Identificación da actividade por sectores	G03: DEPORTIVO E INFANCIA
Lugar de desenvolvemento da actividade	SANTIAGO DE COMPOSTELA

Descrición detallada da actividade prevista

Este programa, que se desenvolverá por décimo sexto ano consecutivo, ten como obxectivos principais facilitar a conciliación familiar e laboral das familias na época estival e na que os nenos e nenas non asisten ao colexio.

Neste proxecto amósanselles aos participantes as bases dunha importante cantidade de xogos e deportes, atendendo as súas idades e desenvolvemento psíquico-físico. A práctica de actividades físico-deportivas non son boas só a nivel de saúde senón tamén para inculcar dun xeito lúdico os valores de disciplina, esforzo, dedicación e respecto ás normas que sen dúbida resultarán de utilidade para a vida cotiá.

1. Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número	N.º horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	0,98	1.665,00
Persoal con contrato de servizos	0,84	1.428,00
Persoal voluntario	0	0

2. Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas	500
Persoas xurídicas	1
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	0

3. Obxectivos e indicadores da realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
Completar o 100% das prazas por segundo ano consecutivo	Número de inscricións totais	500
Promover nos participantes un estilo de vida saudable	Número de tarefas transversais que promovan estes hábitos	4
Atender de forma programada as necesidades individuais de participantes con discapacidade	Persoal con formación específica neste eido	1
Manter a calidade no programa	Valoración final no formulario de avaliación cuberto polas familias	9

6. PREVISIÓN DE RR. ECONÓMICOS QUE EMPREGARÁ A ENTIDADE

GASTOS/INVERSIONS	Actividade						Total actividades	Non imputadas actividades	TOTAL
	001	002	003	004	005	006			
Castos por axudas e outros	0	0	0	0	0	0	0	0	0
a) Axudas monetarias	0	0	0	0	0	0	0	0	0
b) Axudas non monetarias	0	0	0	0	0	0	0	0	0
c) Castos por colaboracións e órganos de goberno	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Variación de existencias de produtos rematados e en curso de fabricación	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Aprovisionamentos	201.391,06	49.628,18	163.304,51	1.103,93	121.257,88	39.184,14	575.869,70	0	575.869,70
Castos de persoal	6.910.049,72	392.730,66	356.813,34	301.586,37	341.752,15	22.925,16	8.325.857,40	0	8.325.857,40
Outros gastos de explotación	92.301,94	6.751,80	63.359,54	7.244,33	59.051,61	1.469,55	230.178,76	0	230.178,76
Amortización do inmovilizado	22.786,64	546,82	2.209,29	648,97	5.848,11	76,84	32.116,68	0	32.116,68
Deterioración e resultado por alleamento do inmovilizado	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Castos financeiros	3.548,70	220,95	287,55	152,55	259,2	31,05	4.500,00	0	4.500,00
Variacións do valor razonable en instrumentos financeiros	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Diferenzas de cambio	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Deterioración e resultado por alleamento de instrumentos financeiros	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Impostos sobre beneficios	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Subtotal de gastos	7.230.078,06	449.878,41	585.974,23	310.736,15	528.168,95	63.686,74	9.168.522,54	0	9.168.522,54
Adquisicións de inmovilizado (agás Bens Patrimonio Histórico)	21.309,21	392,83	3.861,23	271,22	50.711,82	55,2	76.601,51	0	76.601,51
Adquisicións Bens Patrimonio Histórico	0	0	0	0	0	0	0	0	0
CANCELACIÓN DEBIDA NON COMERCIAL	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Subtotal investimentos	21.309,21	392,83	3.861,23	271,22	50.711,82	55,2	76.601,51	0	76.601,51
TOTAL RECURSOS EMPREGADOS	7.251.387,27	450.271,24	589.835,46	311.007,37	578.880,77	63.741,94	9.245.124,05	0	9.245.124,05

7. PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE OBTERÁ A ENTIDADE

7.1. Previsión de ingresos que obterá a entidade

INGRESOS	Importe total
Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio	0,00
Vendas e prestacións de servizos das actividades propias	8.820.890,14
Ingresos ordinarios das actividades mercantís	323.325,00
Subvencións do sector público	16.600
Achegas privadas	0,00
Outros tipos de ingresos	7.707,40
TOTAL INGRESOS PREVISTOS	9.168.522,54

7.2. Previsión doutros recursos económicos que obterá a entidade

OUTROS RECURSOS	Importe total
Débedas contraídas	0,00
Outras obrigas financeiras asumidas	0,00
TOTAL OUTROS RECURSOS PREVISTOS	0,00

8. MEMORIA EXPLICATIVA DO CUMPRIMENTO DO OBXECTO FUNDACIONAL MEDIANTE A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS NO PLAN DE ACTUACIÓN.

O plan de actuación da Fundación para o ano 2024 pretenderá consolidar a actividade que se presenta no mesmo e estará aberto a novas liñas de colaboración coa USC.

Entre as prioridades da entidade están:

- 8.1. Realizar as actividades e servizos instrumentais que a Universidade de Santiago lle encargue.
- 8.2. Formación permanente do persoal establecendo plans de formación interna e transversais.
- 8.3. Incrementar a calidade no servizo prestado mellorando os procesos de traballo nos diferentes encargos de xestión que está executando.
- 8.4. Colaborar co terceiro en distintos ámbitos, desde o deportivo ata o cultural ou socia nas medidas das posibilidades e do interese dos Proxectos.
- 8.5. Potenciar e buscar sinerxías no entorno da actividade física e deportiva coa USC.

Para levar adiante o plan de actuación descrito, atendendo ás prioridades citadas, a Fundación organízase do seguinte xeito:

a) **Padroado**

Ao Padroado correspóndelle cumprir os fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación mantendo plenamente o seu rendemento e utilidade.

Con independencia das funcións que lle atribúen os estatutos e sen prexuízo de solicitar, se for o caso, as preceptivas autorizacións ao protectorado, a título enunciativo, serán facultades do padroado:

- Exercer o goberno, a representación, inspección, vixilancia e orientación da fundación.
- Interpretar e desenvolver os estatutos, de ser o caso, adoptar acordos sobre a súa modificación, de acordo cos requisitos establecidos na lexislación vixente.
- Fixar as liñas xerais sobre a distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre as finalidades da Fundación.

- Acordar a apertura e peche dos seus centros e delegacións.
- Nomear apoderados xerais ou especiais, outorgar poderes así como a revogación dos mesmos.
- Aprobar o plan de actuación e as contas anuais que serán obxecto de presentación ao protectorado.
- Delegar as súas facultades nun ou en máis patróns sen que poidan ser obxecto de delegación:
 - A aprobación das contas anuais e do plan de actuación.
 - Alienación dos bens da Fundación.
 - A modificación dos estatutos.
 - O acordo de fusión, extinción ou liquidación da Fundación.
 - Calquera acto que precise a autorización ou aprobación do protectorado.

b) Presidente/a e Vicepresidente/a

Ao Presidente/a correspóndelle exercer a representación da Fundación perante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas; convocará as reunións do padroado, presidiráas, dirixirá os seus debates e, de ser o caso, executará os acordos, podendo para isto realizar toda a clase de actos e asinar aqueles documentos necesarios para tal fin.

Corresponderá ao Vicepresidente/a realizar as funcións do/a Presidente/a nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, podendo tamén actuar en representación da Fundación, por imposibilidade do/a Presidente/a e naqueles supostos que así se determinaren por acordo do padroado.

c) Comité Executivo

O 18 de marzo de 2022 en sesión do padroado da entidade acordouse a creación dun comité executivo segundo se recolle nos estatutos. As facultades do mesmo serán as seguintes: actuar como órgano de contratación, sinatura de contratos, aprobar bases e convocatorias de contratación de persoal, elaborar o plan de actuación e contas anuais e asinar convenios.

d) Xerencia

O Xerente realizará a xestión das actividades fundacionais e executará aqueles acordos do Padroado. Proporcionará asesoramento e apoio ao padroado no seu labor asumindo a coordinación de actividades internas e externas, así como de cantas funcións lle asignaren.

Será o encargado de render contas do traballo desempeñado pola entidade á Presidencia e ao Padroado.

Desenvolverá xunto co persoal técnico das diferentes áreas a programación e planificación da actividade da Fundación.

A título meramente enunciativo, corresponderán ao Xerente as seguintes atribucións:

- 1.- Realizar toda clase de actos de mera xestión da Fundación.
- 2.- Nomear e separar a todos os traballadores da Fundación, fixar as súas atribucións e retribucións, no marco do convenio colectivo de aplicación e previo acordo do padroado.
- 3.- Efectuar convocatorias para as contratacións temporais e para a elaboración das listas de agarda.
- 4.- Representar á Fundación ante as Administracións Públicas, etc.
- 6.- Adquirir, dispoñer, gravar e vender toda clase de bens mobles.
- 7.- Concertar, formalizar e executar cantas actuacións, xestións e trámites sexan necesarios conforme á lexislación vixente en materia de contratación privada e administrativa, podendo intervir no procedemento dende o seu inicio ata o remate de toda clase de contratos, convenios e negocios en xeral, sempre que sexan propios das actividades fundacionais.

De cara ao 2024 o equipo de xestión estará integrado da seguinte forma:

- **Área de xestión**

Encargada de todos os procesos de facturación, cobros e pagos, tesourería, informes orzamentarios, compras, servizos, e comunicacións laborais, etc.

Aglutina as labores de xerencia, secretaría e administración da entidade.

Esta área estará apoiada por unha asesoría externa que desenvolverá tarefas contables, fiscais e laborais sempre supervisadas polo equipo de xestión.

O equipo de traballo para o ano 2024:

- 1 xerente.
- 1 xerenta adxunta
- 1 directora de área de proxección institucional.
- 2 técnicos administrativos
- 5 coordinadores
- 2 encargados

A secretaria

Vº e prace O presidente